



**Concello de
Oleiros**

**INFORME SOBRE A VALORACIÓN DA DOCUMENTACIÓN DO SOBRE UN SUXEITA A
AVALIACIÓN PREVIA DA LICITACIÓN DO SERVIZO DENOMINADO “ASISTENCIA TÉCNICA
PARA O CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS MUNICIPALES INCLUIDAS NA MCPL01-RT2020
DO CONCELLO DE OLEIROS.”**

ANTECEDENTES:

Con data 15 de outubro de 2020 tivo lugar a apertura dos Sobres N° Un: "Documentación administrativa e criterios subxectivos" das ofertas presentadas polas empresas admitidas á licitación do servizo denominado "Asistencia Técnica á Dirección Facultativa para o control de calidade das obras públicas incluídas na MCPL01-RT2020 do Concello de Oleiros". Remitidos ao Departamento de Obras Públicas, o Arquitecto Técnico Municipal que asina o presente,

INFORMA:

Os criterios de valoración serán os recollidos no Anexo XII do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado para esta licitación, e dentro destes estudarase especialmente o seguinte:

Establecerase o 45% da valoración en criterios subxectivos, coa seguinte distribución:

1) Metodoloxía de traballo (De 0 a 35 puntos)


O licitador deberá de expor de maneira clara, nun máximo de 25 follas formato A4, o seguinte:

- Metodoloxía (6%): as operacións a realizar nas distintas fases de execución do contrato, describindo de xeito claro e detallado cada unha delas, a súa finalidade e o seu contido.
- Alcance dos traballos e coñecemento da tipoloxía das obras (5%)
- Problemática particular (10%): as particularidades das obras para as que se licita o control de calidade en relación ao mesmo.
- Propostas de solucións técnicas para as problemáticas detectadas (5%)
- Os medios humanos e materiais a utilizar para a execución das prestacións (3%)
- Aquelas prestacións que o contratista se compromete a realizar e que non estean previstas nos pregos de prescripcións técnicas particulares, para as que deberá describir a incidencia que terán na execución do contrato (5%)
- Todos aqueles aspectos que permitan á Corporación facerse unha idea clara e fiel da execución do contrato que se propón e, en especial, dos resultados que se esperan obter (1%)

2) Programa de ensaios adaptado á obra (De 0 a 10 puntos)

O licitador deberá presentar, nun máximo de 15 follas formato A4, un documento que conterá o programa de probas e ensaios sobre materiais e elementos construtivos que se compromete a realizar para cada tipoloxía de obra.

As empresas que non superen a puntuación mínima do 50% dos puntos asignados na FASE 1 (valoración dos criterios subxectivos suxeitos a avaliación previa) coa suma da puntuación correspondente aos criterios expostos, non continuarán no proceso de adxudicación, quedando excluída da segunda fase do procedemento (art. 146.3 LCSP)



Concello de Oleiros

Unha vez revisadas as ofertas presentadas e seguindo os criterios descritos, observáronse as seguintes cuestiós:

- Oferta presentada por **APPLUS NORCONTROL, S.L.U.:**

A metodoloxía de traballo considérase moi xenérica no seu conxunto, aínda que cun nivel de definición adecuado, dadas as características da presente licitación, onde non se definen obras concretas senón tipoloxías de grupos de obras.

No relativo ao alcance dos traballos, menciónase para cada grupo de obras os traballos de obra principais a realizar pero non os de asistencia técnica.

Identifícanse as posibles problemáticas que puideran xurdir e solucións ás mesmas, aínda que de forma bastante xenérica.

Os medios humanos e materiais propostos a utilizar para a prestación do servizo considéranse adecuados.

En canto ao relativo ás prestacións que realizará o contratista que non estean previstas no Prego de Prescricións Técnicas Particulares, o licitador propón melloras no persoal, nos medios materiais e outras no alcance dos traballos, que non se consideran a maiores das previstas, xa que van implícitas cos traballos a executar.

A proposta de resultados que se esperan obter así como a execución dos traballos considérase xenérica, pero adecuada.

No referente ao programa de ensaios proposto, numéransen os previstos a realizar por tipoloxía de obra, especificando a frecuencia dos mesmos, cun listado completo.

- Oferta presentada por **CONSULTORÍA DE INGENIERÍA, MEDIO AMBIENTE Y ARQUITECTURA, S.L. (CIMARQ):**

A metodoloxía de traballo considérase moi xenérica no seu conxunto, aportando información non necesaria nin puntuable nesta licitación e sen particularización ás tipoloxías de obras previstas executar.

No relativo ao alcance dos traballos, apórtase un listado de obras e asistencias técnicas levadas a cabo, pero sen especificar o alcance dentro das tipoloxías de obras plantexadas nesta licitación.

Identifícanse as principais particularidades que puideran xurdir en cada tipoloxía de obra, aínda que sen afondar demasiado nelas. As posibles solucións a estas problemáticas, menciónanse de forma moi xenérica.

Os medios humanos e materiais propostos a utilizar para a prestación do servizo considéranse adecuados, aínda que non se especifican os referentes ao control de calidade a levar a cabo.

En canto ao relativo ás prestacións que realizará o contratista que non estean previstas no Prego de Prescricións Técnicas Particulares, o licitador propón a posta de disposición da metodoloxía BIM o control e seguimento da obra, ademais de apoio de información xeodésica (GIS), e unha plataforma virtual na nube para seguimento da documentación xerada.

Non se menciona nada referido á proposta de resultados que se esperan obter.

No referente ao programa de ensaios proposto, numéransen os previstos a realizar por tipoloxía de obra, especificando a frecuencia dos mesmos, cun listado correcto, aínda que se aprecian algunas carencias na proposta.



Concello de Oleiros

- Oferta presentada por G.O.C., S.A.:

Presenta unha metodoloxía do procedemento a seguir por fases de execución, moi xenérica, con pouca especificación respecto das distintas tipoloxías de obras a considerar.

No relativo ao alcance dos traballos, aínda que se describen por tipoloxías, considérase que a redacción deste apartado efectuouse cun carácter moi xenérico. Por outra banda, identifícanse as posibles problemáticas que puideran xurdir en cada tipoloxía de obra, incluso por obras particulares, aínda que sen afondar demasiado nelas.

Os medios humanos e materiais a utilizar para a prestación do servizo considéranse adecuados, aínda que non se especifican as tarefas a desenrolar por cada un nin se menciona o equipo destinado ao control de calidade..

En canto ao relativo ás prestacións que realizará o contratista que non estean previstas no Prego de Prescricións Técnicas Particulares, ofértanse algunas que non se consideran como tal, e outras que si poden considerarse como aceptables (documentación online – nube privada).

A proposta de resultados que se esperan obter, é xenérica.

O programa de ensaios presentado é específico para cada tipoloxía de obra, especificando normativa a cumplir. Considérase correcto.

- Oferta presentada por **UTE OLEIROS CALIDADE**:

Esta oferta destaca polo seu detalle, estudo exhaustivo de cada un dos puntos a considerar; amplio coñecemento das diferentes tipoloxías de obra a executar e posibles problemáticas que puideran xurdir en cada unha delas, moi adaptado á realidade e ao desenrolo habitual nas obras levadas a cabo.

A metodoloxía de traballo que presenta o licitador considérase moi completa, incluíndo unha fase cero, de apoio á redacción de proxectos, cálculos e medicións. Identifícanse os medios a empregar en cada unha das fases de execución.

No relativo ao alcance dos traballos, na oferta detállase para cada tipoloxía de obra, con indicación de subtipos dentro de cada grupo e estudos independentes das problemáticas e solucións técnicas.

Identifícanse de forma moi específica as principais particularidades que puideran xurdir en cada tipoloxía de obra, amosando a experiencia adquirida de traballos anteriores e o estudo das obras propostas no listado do prego técnico desta licitación.


Os medios humanos e materiais propostos a utilizar para a prestación do servizo considéranse adecuados, con especificación de tarefas para cada un deles.

En canto ao relativo ás prestacións que realizará o contratista que non estean previstas no Prego de Prescricións Técnicas Particulares, propón diversas actuacións moi útiles para o Concello.

A proposta de resultados que se esperan obter, así como a execución dos traballos, redactouse de forma correcta.

O programa de ensaios presentado é específico e moi completo para cada tipoloxía de obra, propoñendo ensaios moi adaptados ás obras propostas e non detectados polos demais licitadores.

A puntuación obtida polos licitadores nesta primeira fase de valoración é a que segue:



Concello de
Oleiros

CRITERIOS SUBXECTIVOS	VALORACION	APPLUS	CONSULTORÍA INGENIERÍA Y MEDIO AMBIENTE (CIMARQ)	G.O.C.	UTE OLEIROS CALIDADE
METODOLOXÍA DE TRABALLO	0 a 35	24,75	18,00	22,00	34,75
Metodoloxía de traballo	0 a 6	4,50	3,00	3,50	6,00
Alcance dos traballos e coñecemento da tipoloxía das obras	0 a 5	2,50	2,00	2,00	5,00
Problemática particular	0 a 10	7,00	5,50	7,00	10,00
Propostas de soluciones técnicas para as problemáticas detectadas	0 a 5	4,00	2,50	3,50	5,00
Os medios humanos e materiais a utilizar para a execución das prestacións	0 a 3	3,00	2,00	2,00	3,00
Prestacións non previstas nos pregos de prescripcións técnicas particulares	0 a 5	3,00	3,00	3,50	5,00
Todos aquelos aspectos que permitan á Corporación facerse unha idea clara e fiel da execución do contrato que se propón, e en especial dos resultados que se esperan obter.	0 a 1	0,75	0,00	0,50	0,75
PROGRAMA DE ENSAIOS ADAPTADO Á OBRA	0 a 10	9,00	8,00	9,00	10,00
Programa de probas en ensaios sobre materiais e elementos construtivos que se compromete a realizar para cada tipoloxía de obra.	0 a 10	9,00	8,00	9,00	10,00
	TOTAL	33,75	26,00	31,00	44,75

O que se informa aos efectos oportunos.

Oleiros, a 21 de outubro de 2020

O Arquitecto Técnico Municipal,

Asdo.: José Luis Jares Vázquez